

ACTA DO CONSELLO DE GOBERNO DO 22 DE DECEMBRO DE 2016

Ás 9.40 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico, don Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**.

Xustifican a súa ausencia Sonia Souto Camba, Manuel Ángel Graña López, Teresa López Fernández, José Manuel Sánchez Santos e Sergio Santos del Riego.

ORDE DO DÍA

1. Informe do reitor

Toma a palabra o reitor para informar, en primeiro lugar, da reunión do Consello Galego de Universidades en que se revogaron dous títulos da UDC (revogación prevista, xa que levaban máis de dous anos sen se impartir) e no curso do cal o conselleiro de educación adiantou a súa vontade de iniciar unha consulta cos tres reitores do SUG para reabrir o mapa de titulacións. A primeira xuntanza tivo lugar o día 23 de decembro de 2016.

Pola súa parte, o **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou dos seguintes asuntos:

- Que o día 23/11/2016 se autorizou a prórroga do contrato dunha profesora do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas que viña cubrindo un período de ausencia por maternidade, co fin de adecuar a duración do contrato á carga docente que asumiu durante o primeiro cuadrimestre do curso. A prórroga finaliza o 16/05/2017 (fin do período lectivo).
- Que o 26/11/2016 se autorizou a transformación do contrato de dúas profesoras colaboradoras da área de Fisioterapia do Departamento de Fisioterapia en contratadas doutoras ao acadar a acreditación correspondente e en aplicación da disposición adicional terceira da Lei 4/207 e do artigo 15.4 do Convenio colectivo do PDI laboral.
- Que o pasado 29/11/2016 se autorizou a transformación do contrato dun profesor colaborador da área de Construcións Arquitectónicas do Departamento de Construcións Arquitectónicas en contratado doutor, ao acadar a acreditación correspondente e en aplicación da disposición adicional terceira da Lei 4/207 e do artigo 15.4 do Convenio colectivo do PDI laboral.
- Que o día 02/12/2016 a ACSUG publicou no DOG a convocatoria para a solicitude dos complementos autonómicos. Esta información foi difundida entre todo o PDI a través do correo electrónico e publicada na páxina web da UDC.
- Que o 02/12/2016 a Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidade publicou a convocatoria de avaliación da actividade investigadora (sexenios) correspondente a este ano. Esta información foi difundida entre todo o PDI a través do correo electrónico e publicada na páxina web da UDC.

- Que o 05/12/2016 se publicou na Sede Electrónica a convocatoria de avaliación da actividade investigadora para o profesorado contratado permanente e profesorado do INEF. Esta información foi difundida entre todo o PDI a través do correo electrónico e publicada na páxina web da UDC.
- Que o día 15/12/2016 a COAP autorizou a venia docendi para o curso académico 2016/2017 a seis profesores/as da Escola Universitaria de Relacións Laborais para impartir materias de grao, tras recibir os informes favorables do Departamento de Dereito Privado, do Departamento de Dereito Público Especial e do Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas.

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** dou conta dos asuntos seguintes:

Acerca do programa IMPULSO comenta que foi enviada á Consellaría a xustificación deste programa, que ten como finalidade levar a cabo diferentes accións para mellorar a visualización da investigación, tales como crear un mapa de investigación, elaborar o plan estratéxico de transferencia, apoiar a presentación de candidaturas de agrupacións estratéxicas, o selo europeo xa solicitado e o apoio á internacionalización de grupos.

A respecto do programa InTalent informa de que se presentaron 106 solicitudes para este programa, das que 41 son da rama de Física e Enxeñería, 43 son de Ciencias da Vida e 22 de Ciencias Sociais e Humanidades. O comité de avaliación está composto por tres membros da UDC (vice-reitor e adxuntos) e tres membros de recoñecido prestixio que acadaron proxectos do H2020, en cada unha das tres grandes áreas en que están divididos os paneis das ERC. Está previsto ter rematado o proceso de selección o 16 de febreiro de 2017.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou da publicación da convocatoria das bolsas de prácticas Fundación Once-Crue de prácticas remuneradas en empresas para estudantes con discapacidade. Tamén deu conta da publicación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas das bolsas de renovación e nova adxudicación para estudantado de mestrados universitarios oficias na UDC, e da publicación das listas provisionais das axudas para o transporte urbano da UDC. Trasladou tamén ao Consello as actividades da Unidade de Divulgación Científica e Cultural que organiza a I Xornada Científica UDC-Sénior no Centro de Intervención Cultural NORMAL. Sinalou que o día 17 de decembro tivo lugar a Feira Científica UDCiencia na Domus. Que o día 21 de decembro se presentou a Cátedra de Cultura Científica UDC - Isabel Zandal, promovida polo Concello da Coruña e que contou coa intervención do escritor Javier Moro e do periodista Antonio López que presentaron a charla «Tras os pasos de Isabel Zandal». A seguir, entregáronse os premios aos gañadores da I Edición Expociencia – UDC de divulgación científica en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña. A Expociencia estará exposta ao longo deste mes no CUR. Finalmente, informou do Concerto de Nadal do Coro Universitario da UDC celebrado o domingo 18 de decembro na igrexa da Orde Terceira da Coruña.

A **vice-reitora de Internacionalización e Cooperación** dou conta dos seguintes asuntos:

Da sinatura de dous convenios:

- Un convenio de título dobre coa Widener University entre o Mestrado de Dirección e Administración de Empresas da Facultade de Economía e Empresa e o mestrado Jurisprudence in Corporate and Business Law en Delaware Law.
- Un convenio de título dobre entre o Mestrado de Dirección e Administración de Empresas da Facultade de Economía e Empresa e o mestrado en International Business da Rennes Business School.

Da organización dunhas xornadas sobre as distintas accións que recolle o programa Erasmus + , que tiveron lugar o 30 novembro e o 1 de decembro.

Co obxectivo de aumentar a colaboración con distintas universidades de Estados Unidos, a vice-reitoría asistiu ao «Encontro con Universidades de Estados Unidos» no pavillón do ICEX (Madrid), o 12/12/2016, organizado polo SEPIE.

Acudiu tamén ás Xornadas Anuais de Difusión Erasmus+2016 no ámbito do ensino e a formación «30 Años Cambiando Vidas, Abriendo Mentes» os días 19 e 20 decembro en Madrid.

Informa tamén da difusión da 4ª Convocatoria do Programa Iacobus (data límite: 11/01/2017). O IACOBUS é un Programa de intercambio de investigadores, docentes e persoal de administración e servizos, entre distintas institucións do ensino superior de Galicia e do Norte de Portugal. Do IACOBUS fan parte as universidades da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Porto, Minho, Trás-os-Montes e Alto Douro e a Católica Portuguesa, e os institutos politécnicos do Porto, Bragança, Viana do Castelo e Cávado. O financiamento total é de 150 000 euros.

Por ausencia xustificada da **vice-reitora de Organización Académica e Innovación Docente**, o **reitor** informou dos asuntos seguintes relativos a ese departamento:

- Tivo lugar unha reunión coa Administración de diversos centros con problemas en materia de dedicación de estudantes. A Vicerreitoría elaborou unha instrución para ampliar os supostos en que os estudantes se poden acoller á dedicación parcial (doenza, gravidez, acollemento ou adopción, circunstancias de organización académica do centro ou persoais do alumno ou alumna).
- A ACSUG aínda non publicou a guía definitiva para a acreditación dos programas de doutoramento. A demora debe supor tamén un adiamento das datas de seguimento.

- A modificación do regulamento de terceiro ciclo adíase á espera das outras universidades do SUG, co fin de lograr un modelo consensuado entre as tres, dado o elevado número de programas conxuntos.
- O director da EIDUDC presentou a súa renuncia por ser nomeado coordinador dun grupo da ANEP. O reitor agradece o seu labor de posta en marcha da escola. O seu substituto será o profesor Rodolfo Barreiro Lozano, catedrático de Ecoloxía na Facultade de Ciencias.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** deu conta dos acordos da Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno realizada o día 19 de decembro de 2016: aprobación de imputacións de crédito por valor de 127 178,83 euros e validación de expedientes de gasto por 362 507,71 euros.

O **vice-reitor** fixo tamén referencia a dous asuntos:

- Imputación do crédito do programa «Reptos» de 2016 a 2017, ante a imposibilidade de xustificar un programa que se resolveu o 20 de decembro.
- Aprobación do anteproxecto de orzamentos e do POA nas Comisións de Asuntos Económicos do Consello de Goberno e do Consello Social.

A vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social informou de que o pasado día 29 de novembro se presentou o primeiro número da revista *Atlánticas, Revista Internacional de Estudos Feministas do Centro de Estudos de Xénero e Feministas da Universidade*, coa participación de Lourdes Benería, profesora de Economía en Cornell, Estados Unidos, experta en temas de mercado laboral, economía feminista e coidados.

Trasladou tamén que o día 15 de decembro foi presentado no salón de actos do campus de Ferrol o proxecto de colaboración entre a OIX e a Facultade de Enfermaría e Podoloxía que será desenvolvido no ano 2017 co obxectivo de diagnosticar a percepción do alumnado da UDC sobre a violencia de xénero. Nese mesmo día, na ETS de Náutica e Máquinas celebrouse a segunda xornada «Mulleres na Ciencia» en colaboración coa AMIT, Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas.

Dentro da estratexia de promoción do Campus Industrial de Ferrol leváronse a cabo distintas actividades: día 29 de novembro a Facultade de Humanidades e Documentación acolleu a final do Concurso de Robótica Mecano coa participación máis de 120 alumnos de bacharelato de Institutos de Galicia. Dentro do ciclo de encontros orientados a achegar o mundo profesional aos seus estudantes, este mes visitounos Alberto Rodríguez Montiel, egresado da Escola Universitaria de Deseño Industrial e socio fundador do estudo de deseño de produto FrutoDS.

Informou tamén da abertura da convocatoria do Programa de bolsas da Fundación ONCE para realizar prácticas remuneradas para estudantes con discapacidade. A información pódese atopar na web e lembra que o prazo remata o 31 deste mes de decembro.

Indicou, finalmente, que o pasado día 19 de decembro foi presentada a cuarta Memoria de Responsabilidade Social da UDC, realizada en colaboración co Consello Social da Universidade e coa empresa Inditex. Nas súas páxinas preséntase un informe detallado de como enfrontamos as distintas dimensións da responsabilidade social universitaria, cara aos nosos grupos de interese.

O **xerente** puxo en coñecemento do Consello os asuntos seguintes:

1. Procesos selectivos e de provisión do PAS. Como consecuencia da oferta de emprego público para o ano 2016, estase a desenvolver o proceso selectivo correspondente a 224 postos pola quenda de promoción interna para o persoal de administración e servizos desta universidade. A participación é de 264 persoas funcionarias. Logo da publicación o 9 de novembro de 2016 da relación de persoas admitidas e excluídas, a fase actual é a de nomeamento das persoas integrantes dos tribunais por Resolución desta Xerencia do 19-12-2016 que se publica o 22-12-2016.

Estase a realizar a terceira convocatoria de funcionarización, coa participación de 5 persoas. Neste proceso extraordinario, realizouse a proba de coñecementos administrativos tipo test, co resultado de 5 persoas presentadas e 4 aprobadas.

Ademais, estase na última fase da negociación do concurso de traslados para o persoal de administración e servizos. Prevense ofertar máis de 100 vacantes.

No remate dos procesos descritos, tratarase a proposta de relación de postos de traballo e a negociación coa representación do persoal desta proposta e da oferta de emprego público para o ano 2017.

2. Previsións de negociacións coa Xunta de Persoal do PAS. Estanse a iniciar as negociacións para a modificación e mellora da operatividade co obxectivo de que a súa aplicación non minore a eficiencia na prestación do servizo, das seguintes normas: Instrución 2/2006, da Xerencia da UDC, para o nomeamento de PAS funcionario en comisión de servizos; Resolución da Xerencia do 2 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do PAS da UDC.

3. Proceso Auditor da Liquidación 2015. Previsión de Auditoría de Liquidacións 2016 e 2017. A comezos deste mes iniciou a auditoría a entidade adxudicataria da Liquidación das contas da UDC correspondentes ao ano 2015. Ao mesmo tempo, ata finais do presente mes estarase a reunir a documentación xustificativa necesaria solicitada pola dita entidade. Tentarase axilizar a adxudicación da auditoría das contas de liquidación do ano 2016.

4. Procedemento administrativo para xustificar as incorporacións dos créditos do orzamento de gastos do exercicio económico de 2016 ao orzamento de gastos do exercicio económico de 2017. Este pasado luns, día 19-12-2016, comunicóuselles aos Negociados de Asuntos Económicos e demais usuarios do Universitas XXI, a

Instrución sobre o procedemento administrativo para a xustificación das incorporacións dos créditos do orzamento de gastos do 2016 ao orzamento de gastos de 2017. A novidade deste ano é a existencia dun procedemento abreviado para determinados créditos: de proxectos MINECO, Europeos e Recursos Humanos.

5. Saúde laboral. No ano 2016 tiveron lugar 10 reunións da Comisión Institucional de Mediación, Arbitraje e Conciliación e haberá 4 (coa do día 23 de decembro) do Comité de Seguranza e Saúde Laboral.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 23 de novembro de 2016

A acta foi aprobada por unanimidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión nun (1) convenio marco, catro convenios específicos (4), e vinte e oito convenios para prácticas (28), e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno. Foron aprobados por unanimidade.

4. Aprobación, se proceder, dos anteproxectos de orzamento e do Plan operativo anual (POA) para o exercicio 2017

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** presentou a proposta incorporada á documentación. Incidiu no cadro xeral restritivo, na melloría da UDC no financiamento estrutural (que, basicamente, obedece á recuperación en 2017 das pagas extra reducidas en 2013) e mais no variable (que ten que ver coa melloría dos resultados da UDC en investigación e transferencia) e, no que atinxe aos gastos, a elevación nun 2 % do capítulo I (que coloca a UDC no límite do tope de gasto marcado pola Xunta) e a contención no capítulo II (grazas ás medidas de racionalización). O remanente segue a ser moi reducido e mantense o criterio de endebedamento cero. O orzamento total para 2017 ascende a 119 millóns de euros (fronte aos 116,2 millóns de euros de 2016) con equilibrio orzamentario.

Apuntou, a seguir, as liñas estratéxicas de melloría e crecemento para a UDC, tales como os campus de especialización, que comeza polo Campus Industrial de Ferrol que, xa no seu primeiro ano, experimentou un incremento de matrícula do 4 %.

Inicia o debate **Nona Inés Vilariño**, que lle dá os parabéns ao equipo de goberno polo Campus Industrial de Ferrol. Acerca da previsible baixada de alumnado, consecuencia da redución da natalidade, bota en falta que se inclúa un estudo rigoroso e serio da implantación de titulacións e do seu estado, co fin de conectar con certas camadas e sectores sociais que poderían apoiar a oferta de titulacións da UDC. Sobre os 100 000 euros do convenio coa Deputación para actividades culturais, solicita que se informe o Consello acerca do emprego destes cartos.

Finalmente, anuncia a súa abstención, mais non por causa de ningunha reticencia, senón pola envergadura do documento á espera do debate no Consello Social.

Xosé Portela sinala que sería importante que antes da presentación do proxecto de orzamentos se informase sobre a execución do orzamento de 2016. Na liquidación do orzamento de 2014, di, advírtense diverxencias entre os créditos iniciais e os executados. Chama a atención sobre o incremento da partida destinada ao soldo do persoal laboral fixo, malia se achar en marcha un proceso de funcionarización. Para o PAS, estes son uns orzamentos continuistas. Reclama que a acción social se manteña (recuperando a dotación de 2013) e se incremente até alcanzar o 1,5 % da masa salarial do PAS e do PDI. Denuncia unha diferenza de tratamento entre estes dous colectivos no pagamento das horas extras. Conclúe manifestando a súa falta de confianza nun equipo de goberno que en xullo pasado trasladou á Consellaría de Facenda unha OPE en que se prevía a amortización de varios postos de traballo, sen que tal fose previamente negociado co persoal nin informado o Consello de Goberno. Considera ilegal esta actuación. Manifesta o seu rexeitamento aos orzamentos.

María Luísa Sánchez Simón expresa, por un lado, a súa satisfacción polo equilibrio orzamentario. Mais bota en falta un compromiso co mantemento dos efectivos de PDI (dos que o 10 % –isto é, os contratados interinos de substitución, CIS– non figuran no cadro de persoal). Ao seu ver, trataríase de cumprir o convenio colectivo. Quere saber cal é a intención real do Goberno da universidade a respecto deste persoal. Seica se van restrinxir as reducións docentes (o cal provocará unha menor necesidade de cadro de persoal: advirte que isto non se debe traducir en prexuízo para os centros con menor tradición investigadora. Sobre as accións de docencia-aprendizaxe, sinala que no POA se fala de incrementar a participación no programa Docentia e pregunta se isto vai repercutir nas retribucións. Non aparece a acción social do PDI. Acaso está incluída nos seguros? De ser así, conclúe, debería ser obxecto de negociación.

Guillermo Lorenzo indica que o POA non fai referencia ningunha ao estudantado. Pregunta en que consiste o programa piloto de convocatoria de investigación da UDC. Solicita que a UDC organice unha xornada de información sobre oportunidades para os posdoutorados e egresados.

Moisés Canle dálle os parabéns ao equipo de goberno por lograr cadrar as cifras nun momento especialmente difícil, tanto por parte do Goberno galego como do español. Un momento, acrecenta, en que o gasto público en I+D é maioritariamente transferido ás empresas. As medidas gobernamentais están a provocar desánimo entre os investigadores, ao punto de que se esta situación non reverte rapidamente, o financiamento por resultados de transferencia vai sufrir unha drástica caída. Pregunta se o gráfico de evolución do orzamento (presentado polo vicerreitor) está corrixido pola depreciación do diñeiro. Vaticina que, de se corrixir coa inflación, estaríamos no nivel de 1997 (ou, no caso galego, aínda máis atrás).

Solicita que o vicerreitor informe de cales son os indicadores de financiamento en que non se mellora.

Alberto Franco critica o PFSUG por provocar o enquistamento das empresas no SUG. Foméntase o parasitismo empresarial da universidade. Manifesta a súa solidariedade co PAS e a súa preocupación pola falta de información ao Consello de Goberno.

O **reitor** toma a palabra facendo, de inicio, dúas consideracións de carácter xeral. Sobre o gasto de persoal, indica que o capítulo I está cuantificado para manter o actual cadro de persoal. Mais lembra que nin todo o PDI é igual. No último curso contratáronse 50 novas prazas. Non se pode defender que, cada ano, sexan creadas 50 novas prazas que logo haxa que estabilizar. Sobre as reducións de docencia: o actual sistema, pensado para mitigar os efectos do Decreto Wert, está a producir efectos perversos, como que haxa profesorado con menos de 160 horas de docencia anuais. Sinala que as tres universidades do SUG atravesan dificultades. A USC perde cada ano 30 prazas (polo compromiso de empregaren apenas o 60 % da taxa de reposición). A universidade de Vigo aplica rigorosamente o Decreto Wert, tendo neste momento menos PDI que a UDC. En calquera caso, este obxectivo de revisar as reducións docentes negociárase cos representantes sindicais do PDI.

Sobre a confianza no equipo de goberno, responde que o equipo de goberno tamén podería falar de como se traizoa a confianza. O reitor e o daquela xerente, engade, informaron os representantes do PAS que non ía haber ningunha amortización. Que do que se trataba, nun proceso de promoción que afecta a 252 prazas, é de que non se incrementase a masa salarial e que, por tanto, ao remate do proceso, logo de negociación, o resultado podería ser a amortización de dúas prazas. Lembra que só por convocar a través da quenda libre unha praza de nivel A2 a representación do PAS rachou as negociacións e puxo en risco as 252 prazas do proceso de promoción.

Ao seu ver existe unha contradición: ou hai amortización de prazas ou hai convocatoria desas prazas. A amortización de prazas terá que se facer vía RPT e a RPT aínda non foi alterada. O que hai en marcha, o único, é un proceso de promoción interna. Nega categoricamente que houberse ocultación ningunha ao Consello de Goberno.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** toma a palabra para aludir, en primeiro lugar, á positiva resposta que está recibir a promoción do Campus Industrial de Ferrol, mesmo superior á esperada. Salia o gran potencial da iniciativa e a importancia de acometermos un plan de deseño e oferta dos nosos graos a medio prazo, apostando por unha economía intensiva en coñecemento. Comprométese a enviar ao Consello información pormenorizada sobre o investimento dos 100 000 euros da Deputación da Coruña.

Sobre a acción social sinalou que a UDC non conta con marxe para incrementala, porque xa estamos no tope do límite salarial. O orzamento só pode crecer polo capítulo IV. Lembrou, porén, que a UDC é a única das do SUG que está a ofrecer a PDI e PAS procesos de estabilización e promoción. A acción social do PDI está integrada na partida de seguros.

A respecto do estudantado, cóntase cun orzamento superior ao de anos anteriores. E sinala que está previsto desenvolver programas de asesoramento, orientación e información para egresados e posdoutores/as ben como de impulso á captación de alumnado novo.

O **reitor** intervén novamente para se referir ao desánimo provocado polos novos criterios da ANECA. O valor dos indicadores, sinalou, é relativo, en tanto que o desánimo é xeneralizado e non só pola investigación mais tamén pola docencia. No novo modelo cuantificouse o esforzo do estudante, non o do PDI, e iso é o que se bota en falta. Puxo en valor que a UDC, mesmo experimentando unha baixada do 20 % nos seus orzamento desde 2011, foi capaz de manter o seu cadro de persoal e de iniciar procesos de estabilización e de promoción de PDI e de PAS. Que lográsemos facelo é mérito de todos e de todas.

Moisés Canle volve referirse aos catro indicadores de non melloría. O vicerreitor de Economía comprométese a lle facilitar información detallada. Ao se referir o profesor Canle a un tratamento non equitativo da Consellaría de Educación á UDC (xa que un dos peores indicadores para a nosa universidade é o de «grupos de investigación financiados pola Consellaría de Educación»), o reitor lembrou que en 2016 a UDC tivo moi bos resultados en todas as convocatorias competitivas agás na de «redes». Mesmo así, sinalou, a UDC está moi ben situada (máxime se computamos dúas concesións de axudas á Fundación Nóvoa Santos, que tamén fai parte da UDC). Outro indicador negativo é o de alumnos estranxeiros. Mais o peor para a UDC é o de «captación de talento», isto é, ERC e Ramon y Cajal, xa que nel se decide o 20 % do financiamento variable. Neste apartado, a UDC consegue apenas o 10 % dos fondos (25 % UVigo e o 65 % restante a USC).

Xosé Portela afirma que en plena campaña electoral o PAS negociou co daquela reitor e que naquel momento se dixera que non ía haber problemas de orzamento. Mais na documentación remitida á Consellaría de Educación o 21/07/2016 xa se fixa como condición para aprobar o proceso de promoción interna a amortización de 6 prazas. E este dato non foi valorado polo Consello. Ao seu ver hai unha mala fe e unha ocultación evidentes.

O **reitor** respóndelle que o tal documento non aparece no DOG (que recolle a resolución aprobada) porque se trata dun simple documento de traballo, que fai parte dun proceso de negociación entre a UDC e a Consellaría de Facenda. O que se dixo é que á fin do proceso de funcionarización non podería haber un incremento da masa salarial. Poderíase, hipoteticamente, negociar co

representante sindical do PAS que prazas hai que amortizar, dependendo das dispoñibilidades orzamentarias. Mais isto só á fin do proceso. E, en calquera caso, as amortizacións de prazas teñen que se reflectir obrigatoriamente na RPT, en que o documento da Consellaría de Facenda non ten reflexo ningún.

María Luísa Sánchez Simón concorda co efecto perverso provocado polas reducións de docencia. Mais dado que a masa salarial aínda non está fixada (xa que os orzamentos da CAG aínda non foron aprobados) sinala que é preciso impedir a perda de efectivos de PDI, incluídos os CIS.

O **reitor** matiza que hai que diferenciar entre os CIS que cobren necesidades estruturais de docencia –para os que hai compromiso de estabilización– e o resto. Alerta de que no proceso de discusión dos orzamentos galegos hai un erro de cálculo e, nese sentido, existe un compromiso da Dirección Xeral de Orzamentos para, por medio dunha emenda técnica aprobada durante a tramitación parlamentaria, introducir a correspondente corrección.

Finalmente, a proposta de orzamentos e de POA foi aprobada por 25 votos a favor, 3 en contra e 3 abstencións segundo figura no **anexo IV**.

5. Aprobación, se proceder, de transferencia de crédito do capítulo II ao capítulo VI

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** presenta a proposta (incluída na documentación facilitada xunto coa convocatoria) que figura como **anexo V** explicando que se trata de transferir recursos do fondo de reparacións ao de investimentos co fin de afrontar o último pagamento á empresa ALDESA como consecuencia das obras do CITEEC.

Aprobada por unanimidade.

6. Aprobación da proposta de premios extraordinarios de grao, arquitectura, enxeñaría, enxeñaría técnica e licenciatura 2015-2016

Presentada a proposta polo **reitor**, foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo VI**.

7. Proposta de convocatoria de prazas dos corpos docente universitarios

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo VII**.

8. Proposta de modificacións de dedicación de PDI

Presentada a proposta que figura como **anexo VIII**, polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada por unanimidade.

9. Proposta de modificación da Normativa de permisos e licenzas do persoal docente e investigador

Presentada, a normativa que figura como **anexo IX**, polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, foi aprobada por unanimidade.

10. Posicionamento da UDC sobre os novos criterios de acreditación establecidos pola ANECA

O reitor toma a palabra para explicar que a introdución deste asunto na orde do día obedece á preocupación do equipo de goberno e á oposición xeneralizada aos novos criterios, que xa provocaron o pronunciamento contrario de diversos centros (Ciencias e Camiños). Considera que a UDC debe ofrecer unha resposta de conxunto, por medio do Consello de Goberno, máxime cando a ANECA xa se comprometeu coa CRUE a «explicar» e «xustificar» tales criterios (aínda, matiza, que o que se precisa é que se abra un proceso de diálogo para modificar eses criterios de forma negociada, co fin de que sexan representativos e non provoquen o desánimo do profesorado). Explica que non se enviou un texto pechado porque o que se pretende é tomar en consideración as achegas resultantes do debate no Consello, encomendando ao secretario xeral a elaboración dun documento final para enviar á CRUE. Os extremos a que, en todo caso, se debe facer referencia serían os seguintes:

- A irrealidade dos criterios
- Os seus efectos desmotivadores
- O feito de constituíren, combinados coa limitación da taxa de reposición, un cóctel letal para as políticas de profesorado
- A abertura dun proceso de negociación

A seguir, o profesor **Manuel Casteleiro** sinala que a Xunta da ETS de Camiños xa manifestou o seu parecer radicalmente contrario a estes criterios. Afirmar que existe un amplo consenso en contra deles. Di que fan parte dun ataque á universidade pública e concorda co manifestado polo reitor.

O profesor **Moisés Canle** concorda tamén co reitor. Porén, ao seu ver, máis que un escrito breve e conciso o que se precisa é un documento pormenorizado e exhaustivo. Lembra que o gran cambio que supuxeron os sexenios fixo que a ciencia española mellorase na clasificación mundial, ocupando de media o posto sétimo. Mais, cal é o obxectivo que perseguen agora estes criterios? Semella que o que se pretende é que non se acredite máis ninguén. E, advertiu, de non se corrixiren rapidamente, moitos PDI da UDC irán para outros centros e universidades. Especialmente grave é, para el, a situación dos titulares: para ser titular haberá que agardar un mínimo de 17 anos (isto é, máis alá dos 40 anos de idade), algo que non sucede en ningún país do mundo.

O profesor **Fernando Agrasar** suxire que a UDC solicite directamente a retirada dos criterios. Non se debe traballar sobre eles. Hai que dialogar sobre outros criterios novos, máis razoables.

Nona Inés Vilariño sinala que se do que se trata é de rexeitar os criterios e solicitar un proceso de diálogo, ela está de acordo. Mais se o que se pide é, de

entrada, a súa retirada, ela non pode votar a favor. Chama a atención sobre o ton do escrito, que debe ser adecuado.

O reitor esclarece que non hai ningunha proposta nin borrador de documento.

María Luísa Sánchez Simón refírese á ameaza que estes criterios supoñen para as liberdades de cátedra e de investigación que, segundo a recomendación da UNESCO de 1997, están directamente ligados á *tenurte*, isto é, á estabilidade no posto de traballo.

O profesor **Sobriño Heredia** amosa a súa preocupación por todas aquelas persoas que non saben que facer. Solicita que no documento conste que facer neste interregno.

Intervén de novo o **reitor** para dicir que o máis grave, xunto coa desmotivación, é a falta de seguranza xurídica. Na metade do camiño, múdase de estratexia e de criterios. O obxectivo, sinala, non é mellorar na clasificación de investigación. O que se fixo foi pór criterios de excelencia desproporcionados sen reflectir sobre a súa incidencia na universidade.

Coa única abstención de **Nona Inés Vilariño**, acórdase elaborar un escrito sobre os puntos que saíron no debate.

11. Quenda aberta de intervencións

Nona Inés Vilariño formula unha petición: quere recibir información sobre as *ratios* de PDI e PAS da UDC en relación co número de alumnos, alén da media de dedicación do profesorado e os servizos que a UDC ten externalizados. O **secretario xeral** solicítalle que lle remita un escrito indicando exactamente os datos que precisa.

Retomando o debate sobre a política de persoal, **Nuria Vieira** recoñece que o documento enviado á Xunta si foi facilitado á Xunta de Persoal. O que ocorre, acrecenta, é que ese documento é agora utilizado para non sacar certas prazas a concurso. Solicita que, de conformidade co disposto na Lei de emprego público de Galiza, todas as vacantes sexan sacadas a concurso.

Manuela Pinazas intervén para sinalar que a Xunta de Persoal sempre cumpriu o pactado. Cando se opuxeron á convocatoria en quenda libre dunha praza do grupo A1 foi porque tanto o reitor como o daquela xerente afirmaran que todas as prazas ían ser sacadas a concurso.

Xosé Portela anuncia que iniciaron o proceso previsto no artigo 2 do regulamento do Claustro para promover a remoción do reitor. Di non querer que na UDC aconteza o que está a suceder na Universidade Rey Juan Carlos I: que o reitor cometa actos flagrantes de ilegalidade.

Guillermo Lorenzo interésase pola convocatoria dos premios extraordinarios de fin de mestrado e se van ser convocados para os egresados do curso 2015-2016. Sobre a convocatoria de bolsas predoutorais da Xunta, pide que a UDC solicite que

se publiquen as puntuacións dos candidatos, aínda que sexa de forma anónima e interese por se se logrou avanzar algo neste sentido.

O **xerente**, saíndo ao paso das intervencións da representación do PAS, nega a maior: non se amortizou praza ningunha. Afirmar que en todo momento se cumprira coa legalidade. Que da oferta inicial parten os dous procedementos (provisión e selección) actualmente en tramitación. Lembra que no proceso de provisión non hai obriga legal de convocar todas as prazas vacantes, que o que hai é unha reserva de vinculación destes postos ao custo financeiro do proceso selección. Recoñece que en función deses procesos, é posible negociar que vacantes van ser ofertadas no proceso de provisión pendente –que aínda está aberto– e na OPE de 2017. Informa que o día 21 de decembro se trasladou á Xunta de Persoal unha proposta e que está prevista unha nova reunión para o día 9 de xaneiro. Finaliza afirmando a necesidade de abrir canles de negociación para superar a actual situación de punto morto.

O **reitor** comeza lembrando que en todo proceso de negociación hai cesións e peticións. Mais, engade, de non se lograr un acordo, esas cesións non quedan asumidas. Decaen. O equipo de goberno nunca asumiu o compromiso de que todas as prazas teñan que se convocar por concurso interno. Solicita que, habendo un proceso de negociación aberto e un conflito, non se paralice o concurso de traslados que afecta a case dúscenas persoas por só dúas prazas.

Manuela Pinazas nega que o concurso estea en negociación. Indica que se só falan de dúas prazas e non de seis é porque as outras catro están ocupadas por persoal funcionario.

O **xerente** indica que o que hai é unha avaliación económica duns postos de traballo concretos, que por iso están conxelados.

De novo **Manuela Pinazas** lembra que cando se votou a OPE, o PAS votou en contra porque se sentaba un precedente grave, negando a promoción dos que veñen de abaixo. Naquel momento, preguntado sobre o concurso, afirmárase que ían saír a concurso todas as prazas.

O **xerente** sinala que en ningunha Administración son ofertadas todas as vacantes. **Manuela Pinazas** retruca que na UDC sempre se fixo así. Prosegue o xerente lamentando que cando hai 108 prazas afectadas polos procesos en marcha se estea a discutir só por dúas. Sempre hai postos que, motivadamente, son obxecto de reserva. A xustificación é o documento enviado á Consellaría de Facenda.

O **reitor** considera que este tema debe ser discutido na mesa sindical e non no Consello de Goberno. Le o texto do acordo acadado coa representación do PAS. Interrómpeo **Xosé Portela** dicindo que hai que o ler completo. Acrecenta indicando que o xerente e o reitor falan dun proceso de negociación que parte do *status quo* desas prazas, que el xulga ilegal. Di que o día 21 de decembro a Xunta de Persoal xa remitiu un correo electrónico ao reitor e mais ao xerente negándose a negociar, a non ser que se elimine a reserva previa desas dúas prazas.

Toma a palabra novamente o **reitor** para dicir que sobre a quenda libre, hai dúas políticas de persoal diferentes: entrar só pola escala básica ou entrar directamente polos grupos A1 e A2. Lembra que as escalas técnicas contan con condicionamentos importantes e que se acaba de acordar o «barrado» das prazas co fin de as abrir aos grupos inferiores. Afirmo que a UDC ten que ter a posibilidade de facer política de persoal. Que ten que ser posible convocar por quenda libre prazas dos grupos superiores. Non entende como se provoca un conflito por unhas poucas prazas que van á quenda libre cando hai centros que van saír no concurso de traslados e nos procesos de provisión.

A profesora **Lorenzo Modia** empra as partes a negociar este asunto no lugar correspondente que, desde logo, non é a quenda de intervencións dunha sesión ordinaria do Consello de Goberno. Lembra que todos os acordos son froito de cesións recíprocas e que o acordo neste asunto é necesario para a UDC.

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** contesta a Guillermo Lorenzo que as tres vicerreitorías de investigación do SUG xa lle solicitaron á Consellaría esa información.

Non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso